

ACTA XXIII ASEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA, PONTEVEDRA, XORES 3 DE MAIO. Sendo as 20:08 horas dá comezo a XXIII Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1. Acta da XXII asemblea.**
- 2. Renovación da Coordinadora Xeral.**
- 3. Varios (se houbese)**

1. Acta da XXII asemblea. Debido a que na convocatoria realizada por e-mail non se anexou a acta da asemblea anterior, o Secretario, Anxo Serén, procede a lela en alto. Posteriormente vótase a aprobación co seguinte resultado:

Votos a favor: 18

Votos en contra: 0

Abstencións: 6

Polo que queda aprobada

2. Renovación da Coordinadora Xeral. O Vice-coordinador, Jaime Acuña, explica a proposta trasladada pola Coordinadora de disolverse e convocar eleccións para renovar este órgano, xa que os Estatutos marcan que se ten que renovar cunha periodicidade de 2 anos, prazo que xa está superado. Para ditas eleccións propón o seguinte calendario:

Presentación de candidaturas: Do venres 4 de maio (00:01h) ao domingo 6 de maio (23:59h).

Proclamación de candidaturas: Luns 7 de maio.

Corrección de erros: Martes 8 de maio.

Votación en urna: Mércores 9 de maio (10:00h/14:00h) / (17:00h/20:30h).

Proclamación de resultados e constitución da nova Coordinadora Xeral: Xoves 10 de maio (20:00h)

Ábrese unha quenda de palabra.

Fernando Martínez pregunta o por que da urxencia de convocar eleccións e sobre todo, segundo el, por que con tanta premura de datas, só tres días para poder candidatar-se.

A Coordinadora, Peque González, destaca a facilidade para candidatar-se, só enviando un e-mail ao correo da Marea, e que non se precisan avais como para outros procesos electorais, xa que é individual. Por outra banda, se a Asemblea aproba a disolución da Coordinadora ficamos nun limbo legal ata a proclamación da nova, de aí a urxencia.

Iván Urtaza pregunta se os técnicos contratados pola Marea teñen dereito a candidatar-se á Coordinadora, e que el opina que non deberían de ter, xa que podería haber un conflito de intereses.

Anxo Serén contéstalle que, segundo os estatutos de Marea Pontevedra, todas as inscritas teñen dereito a formar parte da Coordinadora, e non inclúe excepcións coma a proposta.

Fernando Martínez insiste en que se debería dar máis tempo pola propia elección persoal de candidatar-se ou non, e opina que a actual executiva pode quedar en funcións ata que se procalme a nova.

Enrique Acuña di que Fernando debería ter transmitido esa opinión á Coordinadora, da cal forma parte, pero que non asiste ás reunións dende hai meses.

Por alusións, contéstalle Fernando que el está actuando como un inscrito máis de Marea Pontevedra, e considera que ese non é lugar para dar explicacións de por que deixou de acudir a ditas reunións.

Toño Ramírez afirma que entende ambas visións, tanto a de Enrique reclamando que esas palabras se dixeran nas reunións da Coordinadora, coma a de Fernando dicindo que é un inscrito máis e como tal dá a súa opinión de que o prazo é apurado. Agora ben, segundo el, a axenda é a que é, os estatutos marcan que a Coordinadora debe ser renovada e esta ten que seguir tomando decisións importantes.

Marta Díaz considera que só un fin de semana para candidatar-se é moi pouco, xa que hai xente que non mira o correo electrónico durante a fin de semana e pode que non se entere da convocatoria.

Peque resposta que, de aprobarse a convocatoria en Asemblea, a convocatoria sería enviada a mesma noite, facendo así que o correo poda ser visto en venres, día laboral, polo que xa non se daría a situación anteriormente mencionada por Marta.

Sen máis palabras, procédese á votación da proposta de disolución da actual Coordinadora e inmediata convocatoria de eleccións para formar unha nova, trasladada pola Coordinadora. Jaime Acuña recorda os prazos propostos, ademais di que a Comisión Electoral encargada do trámite estará formada por Luís Rei e Carmen Moreira, xa que son membros natos da Coordinadora, e que calquera inscrita pode ofrecerse para ser o terceiro membro de dita comisión. O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor: 17

Votos en contra: 10

Abstencións: 0

Polo que queda aprobada.

3. Varios. Ábrese unha quenda de palabra.

Fernando estrañase de que non aparecese na web de Marea Pontevedra a formación da Coordinadora recién disolta. Jaime asume o fallo como administrador da páxina web.

Iván di que unha amiga tentou inscribirse e non o conseguiu, incluso acudindo á sede. Resposta Jaime que lle estraña moito, pois está todos os días na sede, e nunca viu tal situación. Toño di que calquera que entre na sede verá fichas de inscrición a man.

Fernando pregunta se o censo para as eleccións á Coordinadora está pechado. Respóndeselle que si, ata que remate o proceso.

Levántase a sesión ás 20:34h

Asina: Miguel Anxo Serén García, Secretario de Marea Pontevedra.